

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CASTRELO DO MIÑO PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS DE REDUCCIÓ DE ARSÉNICO EN AUGA DE CONSUMO, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Avelino Pazos Pérez, alcalde do Concello de Castrelo do Miño, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Castrelo do Miño ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia



das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

O Concello de Castrelo de Miño cumpriu co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

Segundo - Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



Terceiro – Detectáronse niveis de arsénico elevados na auga que abastece á poboación do Concello de Castrelo do Miño. O 17.12.2021 o Concello de Castrelo de Miño declarou a situación de emerxencia, xa que dado a situación actual do sistema de abastecemento en Castrelo de Miño é necesario levar a cabo unha serie de actuacións que permitan acadar valores aptos para o abastecemento do municipio con carácter inmediato.

As actuacións a realizar son as seguintes:

1.- Asistencia técnica para as actuacións de emerxencia.

O custo desta actuación estímase nun importe máximo de 18.000,00 €.

2.- Execución de actuacións de emerxencia para abastecer con garantía sanitaria ata a execución dunha solución definitiva, que en síntese consisten no seguinte:

- ETAP DE COTONOVILLE: mellora na dosificación de reactivos, substitución da area do filtro pechado actual por outra de alta capacidade, substitución do filtro actual por outro adaptado aos caudais actuais, todo totalmente automatizado. Ademais se instalarán analizadores de cloro e turbidez en contínuo.
- DEPÓSITO DE TRAVESO: execución dun filtro para eliminación de arsénico, con analizadores de cloro e turbidez en contínuo.

O custo destas actuacións estímase nun importe máximo de 322.000,00 €.

3.- Elaboración do proxecto da solución definitiva, que se recolle no estudo de alternativas de abastecemento ao Concello de Castrelo de Miño, de setembro de 2021.

O custo desta actuación estímase nun importe máximo de 60.000,00 €.



Cuarto - Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrência pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan ao Concello asumir as obrigas económicas que se derivan da execución de actuacións para evitar problemas de arsénico na auga de consumo do dito concello.

As actuacións a realizar no ámbito deste convenio son a contratación polo Concello de Castrelo de Miño dunha asistencia técnica nas actuacións de emerxencia, da execución de actuacións de emerxencia para abastecer con garantía sanitaria ata a execución dunha solución definitiva e da elaboración do proxecto da solución definitiva.

SEGUNDA- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:



- Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Castrelo do Miño obrígase a:

- Realizar a actuacións obxecto do convenio.
- Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, do xeito establecido na cláusula cuarta deste convenio.

TERCEIRA- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a 400.000,00 € que serán financiados por Augas de Galicia con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2022: 230.000,00€

2023: 170.000,00€.

Augas de Galicia aboará o gasto para a asistencia técnica nas actuacións de emerxencia, ata un importe máximo de 18.000,00 €; o gasto para a execución de actuacións de emerxencia para abastecer con garantía sanitaria ata a execución dunha solución definitiva, ata un importe máximo de 322.000,00 €; e o gasto para a elaboración do proxecto da solución definitiva, ata un importe máximo de 60.000,00 €.

Por acordo do Consello da Xunta do 18 de outubro do 2021, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o



establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

CUARTA- LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o Concello debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 1 de decembro de cada exercicio, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o Concello obrígase a:

- a) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.
- b) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- c) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- d) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.



En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello, logo da presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

O Concello poderá xustificar con cargo á anualidade 2023 da subvención os gastos realizados pola entidade local no de mes de decembro de 2022.

Augas de Galicia poderá efectuar, a medida que se vaian realizando as actividades, un abono parcial da cantidade comprometida logo da presentación polo Concello das oportunas xustificacións parciais.

De conformidade co disposto no artigo 62 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevese a posibilidade de que Augas de Galicia realice, sen necesidade de que o concello constitúa garantía, pagos a conta do 100% da porcentaxe subvencionada na anualidade 2022, sen exceder da anualidade prevista.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas



públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se



considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 17.12.2021 e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe da anualidade 2022 non xustificando pasará á anualidade 2023, previa formalización do acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades. Este acordo



debe ir precedido da tramitación no exercicio 2022 do reaxuste de anualidades correspondente.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle
O alcalde do Concello de Castrelo do Miño, Avelino Pazos Pérez*

